

Textos: **ADOLF BELTRÁN**  
**CARLOS PÉREZ**  
**GUSTAVO PUERTA**


Ilustracions: **MIGUEL CALATAYUD**

Encadernación rústica. 23,5x27 cm.  
328 páxinas. Ilustracions en color.  
Contén biografía e textos en inglés.  
ISBN 978-84-8464-755-3

Prezo: 48 €

## MIGUEL CALATAYUD ILUSTRACIONES 1970/2010

*“...Resulta asombrosa la continuidad y la coherencia de los trabajos de Calatayud, sean estos álbumes de cómic, se trate de carteles o de libros ilustrados. Todo ello dentro de lo que el autor denomina la «obra gráfica» y que diferencia de lo plástico. Porque Calatayud también es un pintor, a quien interesa reflexionar sobre el arte”.*  
**ADOLF BELTRÁN**, periodista y escritor.



“Miguel Calatayud. Ilustraciones 1970/2010” reúne más de 400 traballos deste destacado artista contemporáneo, con 40 anos de experiencia e numerosos recoñecementos. Unha ampla escolma de cartaces, libros infantís, cómics e colaboracións para medios de comunicación, institucións, editoriais e colectivos sociais, forman parte dunha merecida exposición retrospectiva no Museo Valenciano da Ilustración e da Modernidade (MuVIM).

Comisario da mostra e autor de “Kembo”, con ilustracións do propio Miguel Calatayud, Carlos Pérez -nunha *Carta desde Baba Kamo*- eloxia a súa capacidade para “elaborar unha estética propia e recoñecible” dende o inicio da súa carreira profesional na década dos 70, que atraeu o público máis novo, “ávido de atopar formas e achegas plásticas e literarias máis acordes cos seus intereses e cos tempos que lles tocara vivir”.

**“...Miguel Calatayud descubrió no solo las infinitas aportaciones del arte de vanguardia, sino también la riqueza gráfica y literaria de los pliegos de cordel y de los grabados populares de los siglos XVIII y XIX. Así, en su obra se pueden detectar elementos procedentes del cubismo, del expresionismo y del surrealismo, junto a otros que remiten a la estética de las aleluyas, a las famosas estampas de Épinal, coloreadas a mano con acuarela, y a los grabados de Baltasar de Talamantes...”.**  
**CARLOS PÉREZ**, comisario da exposición.

Abundando no seu estilo, o crítico literario Gustavo Puerta sostén que a proposta de Miguel Calatayud é “moi recoñecible, desmárcase das correntes establecidas, e destaca pola súa orixinalidade e coherencia”. Analizando a súa obra, é evidente a utilización da augada e o recurso á liña fina como elemento delimitador das figuras. Formas xeométricas e simplificadas, composicións conceptuais e un acentuado sentido cubista da perspectiva, son algunhas señas da súa identidade visual, xunto cun



estudado tratamento dos cores -sexan combinados ou contrastados- para dotar de ritmo e de equilibrio as ilustracións, nas que a representación estática e rixida da figura humana, a paisaxe, e mesmo a palabra, ten unha importancia vital.

O resultado é unha obra "antinaturalista" na que converxen as investigacións da vangarda, coa arte popular e o debuxo infantil, expón nu artigo titulado *La óptica del mundo al revés*.

***"...Miguel Calatayud es un ilustrador subversivo. En sus libros es habitual encontrar planteamientos críticos frente a las figuras de autoridad y a las relaciones de dominio; también transgrede, con mucha frecuencia, las blindadas fronteras erigidas entre la realidad y la ficción, la historia y el mito; además, es usual que emplee el humor para abordar temas tenidos por serios o sea especialmente riguroso a la hora de documentar sus fantasías más febriles".***

**GUSTAVO PUERTA, crítico literario.**

*La elegancia de un universo visual* é o panorama que traza o xornalista e escritor Adolf Beltrán sobre a obra de Miguel Calatayud, na que ve un universo visual "inspirado nunha certa psicodelia iconográfica e na cultura pop". Versátil e orixinal polo seu fondo arraigo na xeometría e no color, nada é casual nas súas creacións porque cada pincelada está planificada "tomando o libro no seu conxunto, e non páxina a páxina".

En resume, unha traxectoria exemplar, baseada na elegancia e no acento poético, e cun plantexamento creativo absolutamente serio, sen artificios nin ocorrencias: "A súa obra, na que pouco a pouco se fragmentan as figuras e se descompoñen os planos, na que rectas e curvas establecen ás veces contactos case inverosímiles, está baseada na investigación progresiva sobre o convencional do intento de reproducir en dúas dimensións os «mecanismos de deformación do ollo humano»".

## **MIGUEL CALATAYUD (Aspe, Alicante, 1942)**

Debuxante e ilustrador de cómic e libros infantís. Formouse na Escola de Artes Aplicadas de Murcia (1960) e na Escola Superior de Belas Artes de San Carlos, en Valencia (1961-1966). Obtivo os galardóns máis prestixiosos do sector, como o Premio Lazarillo de Ilustración (1974) e o Premio Nacional de Ilustración (en 1989, 1991 e 2009). A súa obra figura na Lista de Honra Andersen (1976) e na Lista de Honra IBBY (1986). No ano 2000 foi candidato por España ao premio internacional Hans Christian Andersen.

Durante os 80 foi un dos máis destacados representantes da chamada 'liña clara valenciana'. Dirixiu varios proxectos editoriais e exerceu como comisario das exposicións 'Animales en su tinta' e 'Originales para cinco rondallas' do Salón do Libro Infantil Ilustrado Cidade de Alicante. Na súa bibliografía cóntanse unha ducia de cómics e máis de medio cento de libros ilustrados, como "Al pie de la letra", "Libro de las M'Alicias" e "Kembo", editados por KALANDRAKA.




Cómic Peter Petrake



Libro de las M'Alicias



Kembo



Miguel Hernández, 25 poemas ilustrados



Al pie de la letra